

MANUAL DE CALIDADE  
SISTEMA DE GARANTÍA INTERNA DE CALIDADE  
ESAD DE GALICIA

**Elección de delegadas e delegados  
Xunta de delegadas e delegados**

Edicións	Data	Revisións e motivos das mesmas	Aprobación Consello escolar
1	14-04-2015	Normativa FIDES-AUDIT Acreditación ACSUG	22-09-2015

## **ELECCIÓN DE DELEGADAS E DELEGADOS XUNTA DE DELEGADAS E DELEGADOS**

### **OBXECTO**

- Establecer o procedemento para a elección de delgadas e delegados de curso.
- Establecer o procedemento para a constitución da Xunta de delegadas e delegados

### **ÁMBITO DE APLICACIÓN**

- Ensinanzas oficiais que se imparten na Escola Superior de Arte Dramática de Galicia.

## **RESPONSABILIDADES E FUNCÍONS**

### **Dirección**

- Coordinar a Constitución da Xunta de Delegadas e Delegados.
- Manter reunións periódicas coa Xunta de Delegadas e Delegados en tanto principal grupo de interese da escola.
- Atender demandas, propostas e suxestións emanadas das persoas que exercen a representación do alumnado do centro.

### **Xefatura de Estudos**

- Informar do procedemento de elección de delegadas e delegados e coordinar o mesmo, dando a coñecer os resultados do mesmo a través das canles establecidas (taboleiro informativo e páxina web).

### **Secretaría**

- Trasladar a información facilitada pola Xefatura de Estudos á páxina web.

### **Profesorado titor**

- Desenvolvemento do procedemento, e comunicación de incidencias e propostas de mellora, de ser o caso.

### **Departamento de Calidade**

- Supervisión da documentación xerada polo procedemento e análise de incidencias se as houber.

### **Servizo de Garantía Interna de Calidade**

- Estudo de incidencias, se as houber, e proposta de mellora.

### **Alumnado**

- Participar no procedemento, e propoñer suxestións en relación co mesmo.
- Coñecer as funcións dos seus representantes como delegadas e delegados e da Xunta de Delegadas e Delegados.

## DESENVOLVEMENTO

A normativa aplicable e o procedemento a seguir nas súas liñas xerais e aparecen recollidos no Capítulo V das Normas de Organización e Funcionamento. Dada a importancia da participación de todos os sectores da Comunidade Educativa na xestión da Escola, a Xefatura de Estudos convocará as eleccións a representantes do alumnado de maneira oficial, indicando os días en que se celebrará a mesma utilizando a tal efecto os medios habituais (taboleiro de Xefatura de Estudos, páxina web da Escola e correo electrónico).

1. Explicación da normativa e da importancia da representación do alumnado.
2. Presentación de candidaturas.
3. Elección e proclamación de delegados e/ou delegadas, subdelegados e subdelegadas.

Antes de proceder á elección de delegados e delegadas cómpre informar ó alumnado da importancia desta figura, para que as persoas elixidas sexan aquelas que o grupo considere máis responsables, en función do cargo e das súas funcións, e que saiban representar o sentir, as opinións, e os intereses do grupo. Cómpre pois analizar a transcendencia do proceso cos alumnos e alumnas e facerlles ver e entender que a elección dunha persoa idónea vai favorecer a resolución de conflitos e a relación do grupo en diferentes niveis. Tamén é importante subliñar que os elixidos van ser os seus representantes na Xunta de Delegados e Delegadas da Escola.

Igualmente haberá que deixar uns días de demora para a presentación de candidaturas, polo que a explicación do proceso debe facerse nos primeiros días de clase. Se fose necesario tamén se pode dispoñer dun tempo para que os candidatos e candidatas expliquen o seu programa.

No día da votación, nos días sinalado segundo as instrucións da xefatura de Estudos:

1. Constitución da mesa, configurada polo Presidente (titor/a) e dous alumnos, o primeiro e o último da lista, e lectura das normas que de seguido se relacionan.
2. Poden votar todos os alumnos do curso, agás aqueles alumnos e alumnas matriculados nun curso superior e que asistan ó curso inferior por ter materias pendentes.
3. En cada papeleta escribíranse dous nomes como máximo, sendo nulas aquelas que teñan máis de dous nomes ou nas que se escriba calquera outra cousa que non sexa os nomes dos compañeiros/as votados/as.
4. En caso de empate entre calquera dos catro alumnos con máis votos, realizarase unha nova votación, só entre os alumnos/as empatados.
5. Rematada a votación o presidente e os compoñentes da mesa cumprimentarán e asinarán a acta, indicando nome e apelidos. Finalizada a clase, entregarán a acta en Xefatura de Estudos.

## ACTA ELECCIÓN DE DELEGADOS/AS DE GRUPO

ACTA DO GRUPO \_\_\_\_\_

Alumnos/as no grupo \_\_\_\_\_

Presentes \_\_\_\_\_

DELEGADO/A \_\_\_\_\_

votos \_\_\_\_\_

SUBDELEGADO/A \_\_\_\_\_

votos \_\_\_\_\_

SUPLENTE 1º \_\_\_\_\_

votos \_\_\_\_\_

SUPLENTE 2º \_\_\_\_\_

votos \_\_\_\_\_

VOTOS EN BRANCO \_\_\_\_\_

VOTOS NULOS \_\_\_\_\_

En Vigo, a \_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_

Asdo.: Presidente/a

Asdo.: Vogal

Asdo.: Vogal

## CONTITUCIÓN XUNTA DE DELEGADAS E DELEGADOS

Con data \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_, constitúese a Xunta de Delegados e Delegadas da Escola Superior de Arte Dramática de Galicia integrada polos alumnos e alumnas que se relacionan.

1º de dirección escénica e dramaturxia:

2º de dirección escénica e dramaturxia:

3º de dirección de escena e dramaturxia:

4º de dirección de escena e dramaturxia:

1º de escenografía:

2º de escenografía:

3º de escenografía:

1º de interpretación:

2º de interpretación:

3º de interpretación:

4º de interpretación:

E os representantes do alumnado no Consello Escolar que igualmente se citan:

1.

2.

3.

4.

5.

6.

7.

A Xefatura de Estudos entrega aos presentes copia do capítulo do Decreto 324/1996 relativa á dita Xunta e tamén se comentan as referencias contidas nas Normas de Organización e Funcionamento da Escola.

Segundo o dispón a lexislación vixente, procédese á elección da persoa para presidir a Xunta, responsabilidade que recae en:

---

---

En Vigo a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_

.